

Nadal
en Miño
2019-2020



**Concello
de Miño**

Benqueridas veciñas e benqueridos veciños,

Rematamos un ano e axiña estaremos outro novo. Son momentos de facer balance do vivido nestes doce meses, co bo e menos bo que nos trouxeron, e tamén de pensar no que nos pode traer o 2020. En cada casa, en cada familia, a situación é diferente. E Miño, como pobo, tamén ten o seu balance.

Non podemos cambiar o pasado, pero si prepararnos para o futuro e soñar. Soñar con medrar, mellorar, en deixar atrás o malo e encarar o mañá con ilusión. Recuperar a mirada limpa da infancia e recibir o novo ano coa emoción dun agasallo sen abrir, que pode conter o mellor da nosa vida.

Por iso as nenas e nenos son os protagonistas do Nadal: porque ninguén como eles vive esa ilusión inocente, esas ganas de estrear cada día e gozalo con toda a súa forza. E os maiores temos a oportunidade de contaxiarnos da súa alegría e compartir con eles a fantasía do Nadal.

É por iso que o Concello quere ofrecervos un abano de eventos variados para compartir en familia estas datas, co desexo de que sexan do voso agrado. Dende un campamento de conciliación, para que o traballo dos maiores non impida o xogo dos pequenos, ata unha saída para nenos e maiores a Vigo, sen esquecer a música, o teatro, os contacontos e o deporte, nin moito menos o momento máis desexado por todos: a Cabalgata dos Reis Magos.

Pola miña parte quero aproveitar esta ocasión para enviarvos os meus mellores desexos —e os do resto da corporación e de todos os traballadores municipais— para o ano que entra, e convidarvos a participar nos eventos de Nadal do Concello e dos clubs e asociacións que tamén traballan para Miño.

Felices festas e próspero 2020!

Manuel Vázquez Faraldo
Alcalde de Miño

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Información e inscricións dende o xoves 12 no Servizo de Deportes do Concello

XINCANA DEPORTIVA

Luns, 23 de decembro de 11.00 a 13.00 horas,
no pavillón municipal de deportes

Idades: de 6 a 17 anos

Inscricións ata o venres 20

PATINAXE NO XEO

Patinaxe na pista de xeo cuberta na Coruña

Venres, 27 de decembro, saída do pavillón
municipal ás 10.00 h e regreso ás 12.45 h

Idades: de 8 a 17 anos

Prezo: 4 €

É obrigatorio levar luvas e recomendable levar
roupa de abrigo

XUENLUGO

Feira de Ocio Xuvenil

Pazo de Feiras e Congresos de Lugo

Venres, 3 de xaneiro, saída do pavillón
municipal ás 15.00 h e regreso ás 21.45 h

Idades: ata 14 anos

Prezo: 4,50 €



ACTIVIDADES CULTURAIS

DANZA CONTEMPORÁNEA: CLASE ABERTA ÁS FAMILIAS

Exhibición a cargo do alumnado do Obradoiro Cultural Municipal de Danza Contemporánea

Mércores, 18 de decembro ás 16.45 e 17.45 horas no auditorio do centro social da Rúa
Prazas limitadas a 90 butacas. Entrada de balde

CONTACONTOS

"Contos de sempre. Contos de Nadal"

Mércores, 18 de decembro ás 18.15 horas na Biblioteca Pública Municipal
Nenos e nenas de 4 anos en diante

TEATRO INFANTIL:

"Cuento de Navidad"

A cargo do alumnado do Obradoiro Cultural Municipal de Teatro Infantil

Venres, 20 de decembro ás 18.00 horas no auditorio do centro social da Rúa
Prazas limitadas a 90 butacas. Entrada de balde

CONTACONTOS

"O axudante de Papá Noel"

Moc Moc

Xoves, 26 de decembro

ás 18.00 horas no auditorio do centro Social da Rúa

Prazas limitadas a 90 butacas. Entrada de balde



TEATRO MUSICAL

"Meme el Caracol Prehistórico"

Sábado, 28 de decembro ás 18.00 horas no auditorio do centro Social da Rúa

Prazas limitadas a 90 butacas.
Entrada de balde.



VISITA DO CARTEIRO REAL

Domingo, 29 de decembro

Entrada da Casa do Concello	13.00 h
Centro social de Callobre	16.00 h
Centro social de Bemantes	16.30 h
Centro social de Carantoña	17.30 h
Centro social de Viadeiro	18.00 h
Centro Mª Inmaculada de Bañobre	18.30 h
Costa Miño (Miño Golf Club)	19.00 h
Centro social de Xarío	19.30 h



OUTRAS ACTIVIDADES

EXCURSIÓN A VIGO

Sábado, 21 de decembro

Destinatarios/as: Todas as idades

Saída ás 11.00 horas da rúa do Mercado, tempo libre e comida en Pontevedra, recepción no concello de Vigo e visita ao alumeado de Nadal. Chegada a Miño ás 23.30 horas

Información e inscricións na oficina de Turismo de Miño do 10 ao 13 de decembro



CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN FAMILIAR NADAL 2019

23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro e 2 e 3 de xaneiro de 8.00 a 15.30 horas

Lugar: antiga escola unitaria de San Xoán (ao lado do centro social de Xarío)

Información e inscricións: Do 9 ao 18 de decembro no Servizo de Deportes do Concello

CALENDARIO

Luns	Martes	Mércores	Xov
16	17	18 Exhibición de Danza Contacontos 	19
23 Campamento de conciliación Xincana Deportiva 	24 Campamento de conciliación 	25 Festivade de Nadal	26 Campa de conc Contacto 
30 Campamento de conciliación 	31 Campamento de conciliación 	1 Festividade de Ano Novo	2 Campa de conc 

es	Venres	Sábado	Domingo
	20 Teatro infantil 	21 Excursión a Vigo 	22
mento iliación contos	27 Campamento de conciliación Patinaxe 	28 Teatro Musical 	29 Carteiro Real 
mento iliación	3 Campamento de conciliación XuvenLugo 	4	5 Cabalgata de Reis 

ACTIVIDADES DAS ASOCIACIÓNS

ANPA CASTRO BAXOI

OBRADEIRO DE MANUALIDADES DE NADAL (SÓ PARA PERSOAS ASOCIADAS!)

Xoves, 26 de decembro de 17.00 a 20.00 horas en Parchís centro de ocio. Inclúe merenda. Prazas limitadas.

Inscripcións: correo@anpacastrobaxoi.gal. INDICANDO NOME E APELIDOS DO NEN@, dende o 16 ao 20 de decembro, ambos os días incluídos. Por orde de recepción de correo

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MIÑO CAMPAÑA DE NADAL: SORTEO DE 7 XAMÓNS

Do 6 ao 28 de decembro locais de hostalería repartirán as rifas

ASOCIACIÓN CULTURAL, RECREATIVA E DEPORTIVA O´CASTRO MISA DE NADAL

Mércores, 25 de decembro ás 12.30 horas Misa de Nadal cantada pola Rondalla e Coral O´Castro

A. VV. ANDURIÑA DE CALLOBRE COINCIDINDO COA VISITA DO CARTEIRO REAL A CALLOBRE

Domingo, 29 de decembro a partir das 16.00 h Actividades para os nenos e nenas: obradoiros de manualidades do Nadal, tatuaxes, globo-flexia; merenda de balde con chocolate con churros, xogos de animación, bailes e xogos populares.

A. VV. SANTA MARÍA DE CASTRO COINCIDINDO COA VISITA DO CARTEIRO REAL A VIADEIRO

Domingo, 29 de decembro a partir das 17.00 h Actividades para os nenos e nenas: obradoiros variados de manualidades do Nadal e merenda de balde con chocolate con churros.

A. VV. IRMANDADE DE BEMANTES LUDOTECA NAVIDEÑA

23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro e 2 e 3 de xaneiro. Tres horas á mañá.

Mínimo 10 alumnos/as. Prezo: 25 € socios/as, 28 € non socios/as

Data límite de inscricións: 15 de decembro.

CINE

26 e 27 de decembro e máis 2 e 3 de xaneiro ás 18.00 horas

Entrada de balde

Repartiránse palomitas e refrescos aos asistentes

SAÍDA PARA VER AS LUCES DE VIGO

Sábado, 28 de decembro

Adultos e nenos

Saída ás 15.30 horas e regreso ás 22.30 horas

Información e inscricións no Local Social en horario da Biblioteca ou nos teléfonos 615 354 946 (Geni) e 675 913 337 (Juan)

A. VV. XARÍO DE PERBES FESTIVAL DE NADAL

Venres, 27 de decembro a partir das 19.30 h Concerto interpretado pola Escola de Música Xarío

Exhibición da Escola de Ximnasia Rítmica Xarío

XUNTANZA CICLISTA

Domingo, 22 de decembro de 11.00 a 13.00 h

En Costa Miño, para todas as idades

CLUB NAÚTICO DE MIÑO XORNADA DE PORTAS ABERTAS

Sábado, 28 de decembro

Terá lugar unicamente se hai condicións meteorolóxicas favorables

PIRAGUA CROSS

Sábado, 4 de xaneiro ás 11.00 horas na praia da Ribeira

Para calquera deportista con ou sen licenza e maior de 12 anos (categorías infantís en adiante)

Distancia 4 km Carreira e 6 km Kayak



CABALGATA DE REIS

Domingo, 5 de xaneiro

Ás 18.30 horas as carrozas dos Reis Magos percorrerán as rúas de Miño co seguinte itinerario:

A Galea, A Barrosa, A Carreira, Estrada da Praia e As Marismas ata o pavillón municipal. O pasarrúas será amenizado polas gaitas e pandeiretas de A.C.R.D. O ´Castro de Miño.

Ás 19.30 horas teremos a recepción dos Reis Magos e unha *gran festa infantil* no pavillón municipal de deportes.



**Concello
de Miño**





Concello de Miño

Rúa da Carreira, 38 • 15630 Miño

Tel. 981 782 659 - 981 784 405

Fax 981 783 175

www.concellodemino.com



Deputación
DA CORUÑA



Obra Social "la Caixa"



ACRD
O CASTRO



AN
PA



A.V.V. Santa
María de Castro



asociación de
empresarios
de miño



Asociación de Veciños
ANDURINA
CALLOBRE



Asociación de Veciños
"A Irmandade"
BEMANTES



Asociación de Veciños
"XARÍO"